

# Os libros como ferramenta no desenvolvemento da cidadanía crítica


**Marilar Aleixandre**

[www.marilar.org](http://www.marilar.org)  
[@MarilarAleix](https://twitter.com/MarilarAleix)

“Soamente deberiamos ler **libros que traben en nós, que nos aguilloen**. Se o libro que lemos non nos acorda cunha puñada no cranio, entón: para que o lemos? Para que nos faga felices, dis ti? Os libros que nos fan felices poderiamos escribilos nós mesmos, se non nos quedase outro remedio.

Precisamos libros que fagan en nós o efecto dunha desgraza, que nos doan profundamente como a morte de alguén máis querido que nós mesmos, como se fósemos desterrados nas fragas remotas lonxe dos homes, como un suicidio. Un libro debe ser a machada para o mar xeado que levamos dentro.”

**Franz Kafka**, Carta a Oskar Pollak, 27 de xaneiro 1904



# Falaremos de

- **Pensamento crítico**: que significa, e como contribúen os libros ao seu desenvolvemento “trabando en nós”
- Os libros, **ferramenta para pensar**, non literatura *light*
- Libros galegos que nos acordan sobre **feminismo, igualdade**
- O ano Carlos Casares: **A Galiña azul** (1968), a defensa da liberdade e a diversidade

# Pensamento Crítico

- Unha das definicións máis aceptadas: **Capacidade de realizar un xuízo** analítico e avaliativo, baseado en criterios (*American Psychological Association*, Panel Delphi, 1990)
- A nosa **proposta de caracterización** do pensamento crítico, inclúe compoñentes da teoría crítica (Jiménez Aleixandre & Puig, 2012; Jiménez Aleixandre, Brocos & Puig, 2017)
- A lectura reflexiva contribúe ao **desenvolvemento do pensamento crítico**

- Jiménez-Aleixandre, M. P. & Puig, B. (2012) Argumentation, evidence evaluation and critical thinking. In B. Fraser, K. Tobin & C. McRobbie (Eds.) *Second international handbook for Science Education*. Volume 2 (pp. 1001-1017). Dordrecht: Springer.

- Jiménez-Aleixandre, M. P., Brocos, P. & Puig, B. (2017). Personal or social responsibility? Challenging social ideas as a component of critical thinking. EARLI Conference.

Prestamos atención á dimensión do pensamento crítico consistente en **mudar os enfoques**, interpretar o mundo ou adoptar opcións de formas novidasas:

Noción tradicional: o toxo é feo / noción nova: o toxo é fermoso

Noción tradicional: Galicia é fea, triste / noción nova: Galicia é fermosa (Rosalía de Castro)

# O pensamento crítico é necesario para

**Avaliar criticamente por exemplo:**

- posicións sexistas ou racistas
- a publicidade
- tratamentos pseudocientíficos (homeopatía, reiki)
- o movemento antivacinas

# O pensamento crítico é necesario para

Participar na toma de  
decisións sobre cuestións de  
incidencia social:

- Que fontes de enerxía utilizar?
- Como tratar os residuos?
- Débese autorizar a elección do sexo das criaturas?
- Debe estar indicada nas etiquetas a presenza de transxénicos?

# Pensamento Crítico: A nosa proposta


- A nosa **proposta de caracterización** do pensamento crítico, inclúe catro tipos de compoñentes
- ✓ Dous relacionados coa **argumentación e o xuízo analítico**: similares á definición de APA
- ✓ Dous relacionados coa educación para a cidadanía: fundamentados na **teoría crítica** e a **pedagogía crítica**.
- A partir da análise crítica do discurso (Fairclough), a noción da capacidade de **criticar discursos** que contribúen á **reproducción das relacións asimétricas de poder**



# Teoría Crítica: o capital cultural de Bourdieu

Bourdieu e Passeron (1981) mostran empiricamente como as desigualdades sociais reproducense tamén a través de diferenzas no que “conta” como **ferramentas culturais e simbólicas** entre nenas e nenos de distintos sectores sociais: **forma de usar a lingua**, acenos, forma de vestir; e capital social ou rede de relacións

**Lectura: Relevancia do dominio da lingua**



Exemplos: o **dominio da linguaxe** condiciona o éxito académico  
As redes de relacións informais **marxinan ou exclúen ás mulleres** nas institucións académicas, políticas etc.

# Pedagogía Crítica: Freinet apropiación da linguaxe

Célestin e Elise Freinet:  
Escribir un xornal en 3  
columnas

- criticamos
- loamos
- demandamos




Freinet na Escola de Vence, c. 1934

(web de Margarita Córdoba e Maritza Alarcón)

Ideas: **Apropiación da linguaxe (capital cultural)**

**Lectura e escritura: Relevancia do dominio da lingua**




Caracterización do Pensamento Crítico (Jiménez Aleixandre, Brocos e Puig, 2017)

# “*Desaforados muños*” en **O coitelo en novembro**

Os libros como *salvavidas* (o preso que aprendeu a ler e escribir) que axudan a explicar a propia vida:

“Entón teño que coller a Enciclopedia e ler que os alacrás teñen oito patas, como fan o mel as abellas, ou a lista dos ríos de África, que é mellor ocupar a cabeza coas patas dos alacrás e os ríos de África que non cismando no que fixen ou deixei de facer.”



# Libros que iluminan: abordan conflitos

Os libros que iluminan son os que arden. Foron **escritos con lume** e gardan ascuas nas súas páxinas. Traban en nós, cravan o seu ferrete. *O proceso* ou *Na colonia penal*, de Kafka, *O corazón da escuridade*, de Conrad, *Follas Novas*, de Rosalía, *Matar un reiseñor*, de Harper Lee, ou a *Historia natural da destrución*, de Sebald.

Libros que abordan a tortura, o colonialismo, a emigración, o racismo, a guerra ou a represión dos vencidos. Pasados os anos conservan intacto o seu gume, a súa luz.

## **Escrita = Conflito**

Aleixandre: O círculo de luz: escrita, conflito e lume.

[http://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2012/06/Discurso\\_San\\_Simon\\_2012.pdf](http://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2012/06/Discurso_San_Simon_2012.pdf)




# Cuestionar o propio grupo: Harper Lee

Unha loita (**perdida**) contra o racismo nos tempos da Grande Depresión na vila natal –cambiada de nome– da autora en Alabama.

Un pai que abusa sexualmente da filla Mayella, e bate nela, acusando un negro

- Atticus, ¿lmos gañar?
- Non, miña rula, non.
- Daquela ¿por que...?
- Sinxelamente porque estarmos derrotados desde cen anos antes de comezar **non é unha razón para non intentarmos gañar** —dixo Atticus.



# Cuestionar a idea establecida de valor

Que é ser valente? Ser un bo tirador, como Atticus Finch, e non usar o rifle

Ou ser adicta á morfina, como a señora Dubose e ser quen de deixalo, mesmo cando non hai esperanza

**Papel da lectura:** Jem Finch, o irmán de Scout, castigado –por destrozar as camelias- a ler todos os días á señora Dubose mentres ela ten os ataques da síndrome de abstinencia



# Emilia Pardo Bazán: “Las medias rojas”

-¡Ey! ¡Ildara!

-¡Señor padre!

-¿Qué novidá es ésa?

-¿Cuál novidá?

-¿Ahora me gastas medias, como la hirmán del abade?

-Ya te cansaste de andar descalza de pie y pierna, como las mujeres de bien, ¿eh, condenada? ¿Llevó medias alguna vez tu madre? ¿Peinóse como tú, que siempre estás dale que tienes con el cacho de espejo? Toma, para que te acuerdes...

Y con el cerrado puño hirió primero la cabeza, luego el rostro, apartando las medrosas manecitas, de forma no alterada aún por el trabajo, con que se escudaba Ildara, trémula. El cachete más violento cayó sobre un ojo, y la rapaza vio, como un cielo estrellado, miles de puntos brillantes envueltos en una radiación de intensos coloridos





# Crítica d discursos q xustifican desigualdades

Emilia Pardo Bazán documenta o maltrato ás mulleres e os “muhericidios: non son “crimes pasionais”

Crítica a ideas como as do médico Nóvoa Santos (1908): *La indigencia espiritual del sexo femenino. Las pruebas anatómicas, fisiológicas y psicológicas de la pobreza mental de la mujer. Su explicación biológica.* (libro)

“¿Por qué hemos de conceder a la mujer los mismos títulos y los mismos derechos políticos que al hombre? ¿Son por ventura ecuación? ¿Son acaso organismos iguales? ¿Son organismos igualmente capacitados?”

define a educación das mulleres españolas como “doma”



# O conto da muller brava (desescrito)

—Muller, non podo cear coas mans enzoufadas como as teño. Vai e tráeme auga.

Pasaba algo raro ao chegar a este punto. Ás veces lembraba a historia tal como a contaba súa avoa: a muller levantouse a escape para traerlle auga e desde entón foi manseliña como unha ovella. Pero outras veces imaxinaba a muller (á fin, segundo o título era unha muller brava) arrepoñéndose e dicindo:

—Vai ti. Non levamos os dous todo o día traballando na leira? Estou mallada coma un raposo.

Entón el comezaba a bater nela coas mans, dicindo, mallada, mallada vouche deixar eu. Batía até que o sangue do galo, do gato, do can, do porco, da xuvenca e do cabalo, confundíase co sangue da muller que lle escoaba polo nariz e polos oídos. Despois abríalle o ventre co coitelo, dispensando. E á fin dicía: Non quixo traerme auga, pero domar, domeina.

*(Unha presa de terra, 2001)*




# Enfrontarse ao medo e á vergoña

Este libro fala de como vencer ao medo e á vergoña. Crese que é valente quen mata un tigre, mais eu considero que **fai falta moito máis valor para enfrontar a vergoña e o medo.**

Dialoga coas mulleres que, logo de seren violadas (ou maltratadas) fisicamente, son **violadas socialmente, simbolicamente por segunda vez.** Como a Medusa, ninguén as mira nos ollos por medo a converterse en pedra, por medo a compartir a súa vergoña.

Denunciar ou non? Sofía, a protagonista da novela, négase a comportarse como unha vítima, a agocharse, a calar. Desafía a quen consideran que é ela, non os violadores, quen debe avergoñarse



# Cuestionar o que é poesía: Fran Alonso

Congo songo cosongo  
un pirata de verso longo  
recitando poemas corsarios  
para vencer os adversarios!

Poemas birollos para ler cos  
ollos (2016)

Aprender a ler e a escribir:  
capital cultural



# O que é poesía: Esther Carrodeguas

Colaboración coa asociación  
Xiara (Traballadoras do  
Fogar) na produción de  
poemas sobre as súas  
experiencias:

“lixivia  
explotación  
lixivia”

Aprender a ler e a escribir:  
capital cultural






# Defender a liberdade e a diversidade

Lorenzo ten una galiña azul  
con cinco plumas roxas na ala dereita.  
É unha galiña moi bonita  
e moi rara.  
Pón ovos de cores

segundo o alcalde  
unha galiña azul  
que pón ovos de cores  
e que di cocorocó  
en vez de cacaracá  
non é unha galiña  
como é debido




# o poder da imaxinación: Delfina

Existiu un polbo capaz de envorcar unha dorna cun abaneo dos seus raios? Marcan os polbos ás súas vítimas cunha mazadura negra salferida de circuliños? Foi un polbo quen levou ao Nicolás ergueito como unha bandeira ou era un disfraz do xastre de Agüeiros?

Tal vez sexa unha andrómene para agochar a súa fuxida cara aos mares da China. Quizais a historia se deba á imaxinación da vella Delfina, quen vai persuadindo ao narrador de que viu o que non estaba, que o polbo era grande como dez vacas e o Nicolás, apertado entre os tentáculos, ía asubiando a Alborada de Veiga.

(Ilustracións: Enxamio)




# Os dereitos dos animais

## as cordas do violín

repara:

as cordas do teu violín  
arricáronas das miñas tripas  
para os cabos do *mi*  
usaron tres cordas vocais  
entregadas en troco  
de dúas pernas

como todo no corpo das baleas  
o *catgut* é versátil  
pode vibrar creando  
complexa harmonía  
ou enfiado  
suturar o corte  
da cirurxiá



(Ilustración: Mauro Trastoy)



Grazas!

[marilar@gmail.com](mailto:marilar@gmail.com)

@MarilarAleix

[www.marilar.org](http://www.marilar.org)